

**Resolución do 10 de novembro de 2010 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no marco do Plan Director de Banda Larga de Galicia 2010-2013.**

No marco da liña estratéxica 1 do Plan Director de Banda Larga de Galicia 2010 - 2013, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) convocou axudas ao despregamento de infraestruturas de banda larga en zonas rurais de Galicia.

Así, por Resolución do director xeral de Agader do 11 de xuño de 2010, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a extensión de redes de acceso de banda larga no ámbito rural de Galicia, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2010 (D.O.G. nº 118, do 23 de xuño).

Por outra banda, mediante Resolución do 29 de xuño de 2010, do director xeral de Agader, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a extensión de redes troncais de alta capacidade en poboacións rurais de Galicia, cofinanciadas con Feader, e convocáronse as correspondentes ao ano 2010 (D.O.G. nº 125, do 2 de xullo).

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Agader publicará as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiarios, contía concedida e finalidade da subvención.

De acordo co anterior:

**RESOLVO:**

Facer público no Diario Oficial de Galicia o resultado do proceso de concesión das subvencións ao despregamento de infraestruturas de banda larga no marco do Plan Director de Banda Larga 2010-2013 nos termos que figuran no Anexo I.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2010

O director xeral da Axencia Galega de  
Desenvolvemento Rural

Asdo.: Antonio Crespo Iglesias

## ANEXO I

### **Norma reguladora:**

Resolución do director xeral de Agader do 11 de xuño de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a extensión de redes de acceso de banda larga no ámbito rural de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (D.O.G. nº 118, do 23 de xuño).

### **Finalidade:**

Fomentar o despregamento de redes de acceso de banda larga en núcleos rurais ubicados en concellos do sur da provincia de Lugo, da Ribeira Sacra e colindantes de Ourense e Pontevedra, que carece deste servizo.

### **Aplicación orzamentaria:**

Esta axuda finánciase con cargo á conta orzamentaria 02.01 02/32/10 656700 dos orzamentos de Agader para o ano 2010.

### **Beneficiario, proxecto, contía e intensidade da axuda:**

Beneficiario	Denominación do proxecto	Investimento subvencionable	Intensidade da axuda	Importe da axuda
IBERBANDA, S.A.	Extensión de redes de acceso de banda larga	891.188,99 €	70%	623.832,29 €

### **Norma reguladora:**

Resolución do 29 de xuño de 2010, do director xeral de Agader, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a extensión de redes troncais de alta capacidade en poboacións rurais de Galicia, cofinanciadas con Feader, e se convocan as correspondentes ao ano 2010.

### **Finalidade:**

Fomentar o despregamento de redes de transporte de alta capacidade en poboacións rurais de Galicia que carecen de acceso á banda larga.

### **Aplicación orzamentaria:**

Esta axuda finánciase con cargo á conta orzamentaria 02.01 02/32/10 656700 dos orzamentos de Agader para o ano 2010, cofinanciada nun 57,56% con fondos Feader no marco do Eixe 3 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013.

### **Beneficiario, proxecto, contía e intensidade da axuda:**

Beneficiario	Denominación do proxecto	Investimento subvencionable	Intensidade da axuda	Importe da axuda
TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U	Proxecto Telefónica Acción 1B	1.832.796 €	31.39%	575.314,57 €